



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Aprobación definitiva da modificación nº 3 da relación de postos de traballo

ANUNCIO

Aprobada inicialmente no Pleno do Concello de Abegondo, na sesión ordinaria realizada o día 27 de marzo de 2025, a modificación Nº 3 da relación de postos de traballo. Transcorrido o prazo de 20 días sen que se presentaran alegacións apróbase definitivamente a modificación Nº 3 da relación de postos de traballo.

I. Créase a Área de Administración Xeral no organigrama da Relación de Postos de Traballo coas seguintes atribucións:

- Procedementos de contratación en todas as súas fases. Inclúense neste apartado todos os contratos patrimoniais así como os negocios xurídicos de aproveitamento especial e privativo de bens demaniais. Tamén inclúense os procedementos nos que o Concello sitúese na posición pasiva da relación xurídica (arrendatario, concesionario, etc.)
- Procedementos de exercicio das prerrogativas para a defensa dos bens municipais
- Procedementos de responsabilidade patrimonial
- Procedementos sancionadores por infraccións contra as ordenanzas locais excepto os atribuídos a outras áreas.
- Procedementos relacionados coa planificación e ordenación de recursos humanos, selección e provisión, formación, negociación colectiva, así como xestión do persoal incluídos os permisos, licencias e expedientes disciplinarios.
- Procedementos de subscrición de convenios
- Procedementos de concesión de subvencións municipais así como os de solicitude, tramitación e xustificación das subvencións outorgadas ao Concello por outras entidades sempre que correspondan á súa área por razón de materia
- Procedementos derivados da xestión do Padrón Municipal de Habitantes e do Censo Electoral.
- Planeamento, xestión, intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística así como os convenios urbanísticos
- Intervención administrativa na actividade privada e medidas de disciplina. Inclúense expresamente as actividades económicas (incluído o comercio minorista, mercados, lonxas e feiras), transporte público, espectáculos públicos e actividades recreativas. Tamén inclúense os procedementos de utilización especial ou privativa de espazos públicos vinculados a estas actividades, singularmente as terrazas de hostalería e venta ambulante.
- Procedementos para o establecemento, supresión e modificación da forma de xestión dos servizos municipais.
- Restantes procedementos que non estean asignados a outras áreas.
- Xestión do inventario municipal de bens e dereitos baixo a supervisión do Secretario municipal
- Xestión da oficina municipal de asistencia en materia de rexistros e desenvolvemento das funcións descritas no artigo 40.3 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que apróbase o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

II- Modifícase a codificación e denominación dos seguintes postos de traballo:

Código orixinal	Novo código	Denominación orixinal	Nova denominación
1002	1001	Normalizador lingüístico	Normalizador/a lingüístico/a
1004	1002	Administrativo	Administrativo/a
1005	10001	Auxiliar Administrativo	Auxiliar Administrativo/a

Código orixinal	Novo código	Denominación orixinal	Nova denominación
1007	10002	Administrativo Auxiliar de Información	Administrativo Auxiliar de Información
1006	10003	Celador Concello	Celador/a Concello
3006	10000	Técnico de Administración Xeral	Xefe/a de Servizo de Administración Xeral
7002	7000	Traballador Social	Traballador/a Social
7001	7001	Técnico de Servizos Sociais e información cidadá	Técnico/a superior de Servizos Sociais
7003	7002	Técnico de Servizos Sociais e OMIC	Técnico/a medio de Servizos Sociais

III.-Modifícanse as características dos seguintes postos de traballo:

PERSOAL FUNCIONARIO

Cód.	Denominación	Dot.	CD	CE	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
4000	Xefe de Servizo de Administración Xeral	1	26	16.109,66	S	C	AL	A1 / A2	Admón. Xeral	Técnica / Xestión	Grado universitario	-	-

PERSOAL LABORAL

Código	Denominación	Dotación	FP	Dotación económica	Tipo de contrato	Titulación académica	Formación específica	Observacións
10003	Celador Concello	1	C	18.013,02	Fixo	Estudios primarios	-	A extinguir unha vez quede vacante
4009	Celador Colexio	1	C	18.013,02	Fixo	Estudios primarios	-	-
5009	Celador Polideportivo	1	C	18.013,02	Fixo	Estudios primarios	-	A extinguir unha vez quede vacante
4005	Auxiliar Biblioteca	1	C	18.013,02	Fixo	Estudios primarios	-	A extinguir unha vez quede vacante

IV.- Amortizar o seguinte posto de traballo:

Código	Denominación	Dotación	FP	Dotación económica	Tipo de contrato	Titulación académica	Formación específica	Observacións
7000	Educadora Familiar	1	C	29.484,00	Fixo	Diplomado ou grado	-	-

V.- Crear o seguinte posto de traballo:

Cód.	Denominación	Dot.	CD	CE	TP	FP	Adscripción				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
7003	Tramitador/a	1	18	6.360,20		C	AL	C1 / C2	Admón. Xeral	Administrativa / Auxiliar	Bacharelato / ESO	-	-

No concernente ás modificacións acometidas nos postos con código 10003, 4009, 5009 e 4005 retrotraer os efectos deste acordo ao 1 de xaneiro de 2025.

O que se publica para os efectos oportunos.

Abegondo,9 de maio de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/2966